

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**5549** *Real decreto 340/2010, do 19 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, polo que se establecen as condicións mínimas que deben reunir as instalacións de lavado interior ou desgasificación e despresurización, así como as de reparación ou modificación de cisternas de mercadorías perigosas.*

A publicación do Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, polo que se establecen as condicións mínimas que deben reunir as instalacións de lavado interior ou desgasificación e despresurización, así como as de reparación ou modificación, de cisternas de mercadorías perigosas, introduciu as condicións que debían cumprir as instalacións de lavado interior ou desgasificación de cisternas de mercadorías perigosas.

Posteriormente foi aprobada a Orde ITC/2765/2005, do 2 de setembro, pola que se modifican os anexos I, II e IV do citado real decreto.

A aplicación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro 2006, relativa aos servizos do mercado interior (Directiva de servizos), que ten por obxecto facilitar o libre acceso á actividade de servizos e, ao mesmo tempo, poder suprimir as barreiras e reducir as trabas ao acceso da actividade de servizos e o seu exercicio, e que se incorporou ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, fai necesario modificar varios artigos e anexos do Real decreto 948/2003, do 18 de xullo.

Así mesmo, inclúense outras determinacións cuxo obxecto é obter nun prazo razoable unha aplicación uniforme e igual dos requisitos e procedementos utilizados polas instalacións de lavado interior ou desgasificación e despresurización de cisternas entre os modos de transporte de estrada e de ferrocarril.

Para a elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como, de acordo co establecido no artigo 24.1 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, aquelas entidades relacionadas co sector coñecidas e consideradas máis representativas. Tamén recibiu informe favorable da Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica establecida no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución. Dado o contido da norma que se aproba, o instrumento adecuado para a aprobación é o real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, polo que se establecen as condicións mínimas que deben reunir as instalacións de lavado interior ou desgasificación e despresurización, así como as de reparación ou modificación, de cisternas de mercadorías perigosas.*

Modifícase o Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, polo que se establecen as condicións mínimas que deben reunir as instalacións de lavado interior ou desgasificación e despresurización, así como as de reparación ou modificación, de cisternas de mercadorías perigosas, do modo seguinte:

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado como segue:

*«Artigo 3. Supostos obrigatorios de lavado, desgasificación e despresurización de cisternas de mercadorías perigosas e o seu cumprimento de conformidade co establecido neste capítulo II.*

1. Sen prexuízo do disposto nos tratados internacionais que resulten de aplicación, o lavado interior das cisternas de mercadorías perigosas é necesario nos seguintes supostos:

- a) Previamente a unha inspección periódica, intermedia ou excepcional, ou non periódica segundo a regulamentación vixente.
- b) Cando haxa un cambio de produto incompatible co anteriormente transportado.
- c) Previamente a unha reparación ou modificación da cisterna, sempre que afecte a envolvente desta.

2. A desgasificación e despresurización realizarase, con carácter previo, naquelas cisternas de clase 2 que necesitan ser sometidas a unha reparación ou modificación, así como ao seu lavado interior.

3. O órgano competente da comunidade autónoma poderá eximir do lavado aquelas cisternas que contiveron produtos que, polas súas características químicas, fagan este tipo de actuación moi difícil sen grave risco para o persoal encargado de a efectuar ou para o ambiente no caso das inspeccións intermedias.»

Dous. O artigo 5 queda redactado como segue:

*«Artigo 5. Declaración do titular das instalacións de lavado interior de cisternas de mercadorías perigosas de calquera clase ou de desgasificación e despresurización de cisternas.*

1. Antes de realizar a apertura das instalacións de lavado interior de cisternas de mercadorías perigosas de calquera clase ou de desgasificación e despresurización destas, o titular da instalación, ou o seu representante legal, deberá presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as instalacións unha declaración responsable en que declare que cumpre os requisitos que exige este real decreto, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución dos traballos se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen neste real decreto.

2. As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por vía electrónica.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección e investigación.

3. O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación de instalación e remitirá ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio os datos correspondentes para a súa inclusión no Rexistro regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

4. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido para o exercicio da actividade das instalacións de lavado interior de cisternas de mercadorías perigosas de calquera clase ou de desgasificación e despresurización destas, desde o día da súa presentación.

5. O órgano competente da comunidade autónoma ou un organismo de control autorizado, unha vez postas en funcionamento as instalacións, verificará, no ámbito das súas competencias, o cumprimento dos requisitos exixidos por este real decreto.

Posteriormente, realizaranse os controis que de forma periódica determine o citado órgano competente.

Tales controis serán realizados polo propio órgano competente ou por medio de organismos de control autorizados.

6. A falta de presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na declaración, habilitará a Administración competente para ditar unha resolución, que deberá ser motivada e despois de audiencia do interesado, pola cal se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, a inhabilitación temporal para o exercicio da actividade.

7. Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma no prazo dun mes.

8. O incumprimento dos requisitos e normas exixidos para o exercicio da actividade por unha instalación habilitada, unha vez verificado e declarado pola autoridade competente mediante resolución motivada, e despois de audiencia do interesado, significará o cesamento automático da actividade, salvo que se poida incoar un expediente de corrección do incumprimento e sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivarse das actuacións realizadas.

9. En todo caso, o título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, será de aplicación cos efectos e sancións que procedan, unha vez incoado o correspondente expediente sancionador.

10. O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, as modificacións e o cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.»

Tres. O número 3 do artigo 6 queda redactado da seguinte forma:

«3. Con posterioridade ao lavado interior ou desgasificación e despresurización dunha cisterna procederase, nos casos especiais de cambio das materias que se vaian transportar que sexan incompatibles entre si ou no caso de cambio de aprobación de tipo da cisterna e, por tanto, do código desta, á desmontaxe dos colectores de carga e de descarga para o seu lavado á parte.»

Catro. O teor do número 2 do artigo 7 pasa a ser o seguinte:

«2. Calquera modificación que afecte o que se considera na alínea 1.2.u) do anexo I da Orde do 20 de setembro de 1985, sobre normas de construción, aprobación de tipo, ensaios e inspección de cisternas para o transporte de mercadorías perigosas, como novo tipo, deberase realizar no taller do fabricante orixinal se non desapareceu ou, ao menos, nun fabricante de cisternas que cumpra os requisitos do Acordo europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR), para construír cisternas de 4 bares e cun manual de calidade, como exige a orde citada neste parágrafo, obtendo previamente o contrasinal de novo rexistro de tipo.»

Cinco. O artigo 8 queda redactado como segue:

«Artigo 8. *Declaración do titular das instalacións de reparación ou modificación de cisternas de mercadorías perigosas.*

1. Os titulares dos talleres que non sexan construtores de cisternas deberán presentar, antes de realizaren a apertura das instalacións, ante o órgano competente da comunidade onde radique a instalación, unha declaración responsable en que declaren que cumpren os requisitos que exige este real decreto, que dispoñen da documentación que así o acredita, que se comprometen a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabilizan de que a execución dos traballos se efectúa de acordo coas normas e requisitos que se establecen neste real decreto.

2. As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por vía electrónica.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección e investigación.

3. O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación de instalación e remitirá ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio os datos correspondentes para a súa inclusión no rexistro regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

4. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido para o exercicio da actividade das instalacións de reparación ou modificación de cisternas de mercadorías perigosas, desde o día da súa presentación.

5. O órgano competente da comunidade autónoma ou un organismo de control autorizado, unha vez postas en funcionamento as instalacións, verificará, no ámbito das súas competencias, o cumprimento dos requisitos exixidos por este real decreto.

Posteriormente, realizaranse os controis que de forma periódica determine o citado órgano competente.

Tales controis serán realizados polo propio órgano competente ou por medio de organismos de control autorizados.

6. A falta de presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na declaración, habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola cal se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade.

7. Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma no prazo dun mes.

8. O incumprimento dos requisitos e normas exixidos para o exercicio da actividade por unha instalación habilitada, unha vez verificado e declarado pola autoridade competente mediante resolución motivada e logo de audiencia do interesado, significará o cesamento automático da actividade, salvo que se poida incoar un expediente de corrección do incumprimento e sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivarse das actuacións realizadas.

9. En todo caso, o título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, será de aplicación cos efectos e sancións que procedan unha vez incoado o correspondente expediente sancionador.

10. O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da inhabilitación temporal, as modificacións e o cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes

para a actualización dos datos no rexistro regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

11. Os talleres especializados que estean acreditados como construtores de cisternas de calquera tipo non precisarán presentar a citada declaración responsable.

12. Os talleres de reparación ou modificación de cisternas levarán un libro de rexistro de todas as reparacións ou modificacións das cisternas, que estará ao dispor do órgano competente da comunidade autónoma.»

Seis. Engádese unha disposición adicional primeira coa redacción seguinte:

«Disposición adicional primeira. *Modelo de declaración responsable.*

Corresponderá ás comunidades autónomas elaborar e manter dispoñibles os modelos de declaración responsable. Para efectos da integración no rexistro regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o órgano competente en materia de seguranza industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará e manterá actualizada unha proposta de modelos de declaración responsable, que deberá incluír os datos que se fornecerán ao citado rexistro.»

Sete. Engádese unha disposición adicional segunda co seguinte contido:

«Disposición adicional segunda. *Obrigas en materia de información e de reclamacións.*

As instalacións de lavado interior ou desgasificación e despresurización, así como as de reparación ou modificación, de cisternas de mercadorías perigosas deben cumprir as obrigas de información dos prestadores e as obrigas en materia de reclamacións establecidas, respectivamente, nos artigos 22 e 23 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Oito. Engádese unha disposición adicional terceira co seguinte teor:

«Disposición adicional terceira. *Cumprimento dos requisitos relativos ás instalacións e aos procedementos.*

O cumprimento dos requisitos relativos ás instalacións e os procedementos de lavado interior ou desgasificación e despresurización de cisternas de mercadorías perigosas, establecidos nos artigos 4 e 6 do capítulo II deste real decreto, será obrigatorio a partir do 31 de decembro de 2010.»

Nove. No número 1 do anexo III suprímese a alínea f).

Dez. No número 1 do anexo IV suprímese a alínea f).

Once. O número 4 do anexo IV queda redactado como segue:

«4. Que, unha vez finalizada a limpeza interior da cisterna, esta quedou totalmente limpa de toda impureza, téndose verificado o seu estado mediante inspección ocular interior, polo que cumpre a cisterna coas disposicións do Real decreto 551/2006, do 5 de maio, polo que se regulan as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada en territorio español, ou o Real decreto 412/2001, do 20 de abril, polo que se regulan diversos aspectos relacionados co transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril, e tamén coas disposicións do ADR, RID ou IMDG que lle sexan de aplicación en cada caso, quedando en disposición de volver cargar.»

Doce. A alínea h) do número 1 do anexo V queda redactada como segue:

«h) Persoal contratado que realice a actividade en condicións de seguranza.»

Trece. O primeiro parágrafo do número segundo.2 do anexo V pasa a ter a seguinte redacción:

«2. Os procedementos de soldadura utilizados nas reparacións ou modificacións de cisternas, batería de recipientes ou CGEM estarán de acordo co código técnico de deseño orixinal do proxecto técnico da homologación ou certificado de conformidade de tipo rexistrado no Rexistro de Contrasinais, a que se refiren o artigo 9 do Real decreto 412/2001, do 20 de abril, e o artigo 13 do Real decreto 551/2006, do 5 de maio.»

Catorce. No anexo V, o primeiro parágrafo do número segundo.4 queda redactado do seguinte modo:

«4. Previamente a facer o informe de aprobación de reparación ou modificación dunha cisterna, batería de recipientes ou CGEM, segundo modelo do apéndice E-18 do Real decreto 551/2006, do 5 de maio, polo que se regulan as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada en territorio español, no caso de vehículos cisterna, batería de recipientes ou CGEM de estrada ou contedores cisterna, e segundo o modelo do apéndice 3.16 do Real decreto 412/2001, do 20 de abril, polo que se regulan diversos aspectos relacionados co transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril, para vagóns cisterna, no taller do construtor ou reparador e baixo a supervisión e o control do técnico do organismo de control autorizado, faranse ensaios non destrutivos dos golpes, crocaduras ou fisuras das zonas alleas a elas, mediante partículas magnéticas en materiais ferromagnéticos e líquidos penetrantes en materiais non magnéticos.»

Quince. Corríxese a numeración da última parte do número segundo do anexo V e queda redactada da maneira seguinte:

«7. Unha vez finalizada a reparación enviaranse á autoridade competente os seguintes documentos:

a) Informe previo á reparación, con modelo do apéndice E-18 do Real decreto 551/2006, do 5 de maio, e documentación gráfica inicial, para vehículos cisterna de estrada e contedores cisterna, e o modelo do apéndice 3.16 do Real decreto 412/2001, do 20 de abril, para vagóns cisterna.

b) Informe final de reparación cos resultados dos ensaios e documentos gráficos finais co informe do apéndice E-19, segundo o modelo do Real decreto 551/2006, do 5 de maio, para vehículos cisterna de estrada e contedores cisterna, batería de recipientes ou CGEM, e o informe do apéndice 3.17 do Real decreto 412/2001, do 20 de abril, para vagóns cisterna.»

#### **Disposición transitoria primeira. Instalacións previamente autorizadas.**

1. As instalacións de lavado interior ou desgasificación e despresurización, así como as de reparación ou modificación, de cisternas de mercadorías perigosas que xa fosen autorizadas na data de entrada en vigor deste real decreto poderán seguir realizando a actividade para que foron autorizadas sen que deban presentar a declaración responsable exixida na nova redacción do artigo 5 ou do artigo 8 do Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, segundo corresponda. Estas instalacións serán inscritas de oficio no rexistro regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a partir dos datos contidos na autorización.

2. Sen prexuízo do establecido no número anterior, as novas condicións e requisitos establecidos por este real decreto serán en todo aplicables ás instalacións de lavado interior ou desgasificación e despresurización, así como ás de reparación ou modificación,



de cisternas de mercadorías perigosas que xa fosen autorizadas na data da súa entrada en vigor.

**Disposición transitoria segunda.** *Procedementos en tramitación.*

1. Os procedementos de autorización para a apertura dunha instalación de lavado interior ou desgasificación e despresurización, así como de reparación ou modificación, de cisternas de mercadorías perigosas, iniciados con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto, tramitaranse e resolveranse pola normativa vixente no momento da presentación da solicitude.

Non obstante, o órgano competente para resolver non poderá exixir requisitos suprimidos por este real decreto.

2. En todo caso, o interesado poderá, con anterioridade a se ditar resolución, desistir da súa solicitude e optar pola aplicación do disposto por este real decreto.

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN